

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº52/ Ano: 2022 / 1º xornal Mes de xullo / Estado de bochorno climático

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Con referencia ao último nº de Onstopus xurdiron varios e curiosos comentarios que inserimos neste número. Páx. 2



VISITA DO PRESIDENTE DA XUNTA

Por mor do 20 aniversario do Parque Nacional, o Sr. Rueda visitou a Illa de Ons. Resultou sorprendente debido a que todos os actos institucionais da Xunta sempre se fixeron nas Illas Cíes. Páx. 1

PEPE DE MIRO e ISA

Dous aunienses que viven todo o ano en Ons. Durante o verán prepáranse para o duro inverno. Páx. 3



Simulacro ou contratempo fronte a Ons? Páx. 3

MELIDE

A que foi a zona de acampada de Melide queda sen masa arbórea. Por que non reforestan? Páx. 4




PineirÓns

Reunión e xantar dos membros da Asociación cultural "PineirÓns" na Illa de Ons. Páx. 5

BREVES

- Actividades no Centro de Visitantes Páx. 5
- Curiosidades. Páx. 6
- Ocupación de mesas. Cartel informativo Páx. 6
- Nova varanda no peirao de Ons. Páx. 6
- Tomando datos. Páx. 6
- Composteiro en Ons. Páx. 6



20 Aniversario do Parque Nacional Illas Atlánticas



O pasado luns día 4 de xullo celebrouse na Illa de Ons un Acto Institucional da Consellería de Medio Ambiente para conmemorar o 20 aniversario do único Parque Nacional galego.

O acto, politiquero aparte, tivo unha interesante importancia, pois é a primeira vez, e mira que o temos sinalado, que se escolle Ons para realizar unha actuación institucional, xa que, sempre, de celebralo nalgunha illa do Parque, escollían Cíes.

Como primeiro paso, despois de 20 anos, temos que eloxialo.

Foto: Chegada á Illa de Ons, do Presidente da Xunta, conselleira de M. Ambiente e Director do Parque.



Paradiña diante do posto de Información onde o Director do Parque explicou o seu funcionamento.

Camiñando cara a Canexol para visitar as escavacións realizadas na salga romana e no Castro dos Mouros.

Foto: M. Gago



Visita ao Castro dos Mouros onde o arqueólogo Adolfo Fernández deu todo tipo de explicacións aos políticos. Significativo foi o anuncio da creación dun Campo de Traballo Arqueolóxico (que Pineiróns leva solicitando dende hai máis de 30 anos) e que seguirán coas escavacións.

Fotos: Visita ao Centro de Visitantes e discursos do Alcalde de Bueu e Presidente da Xunta.



Salgadoiro de Suxestións



Con referencia ao nº 51 sobre as dornas como alternativa turística

Un lector comenta esta foto coa que acompañei a este tema sobre as dornas: “Ao ler o 51 de Onstopus, chamoume a atención que non fixeses referencia á inusual vela da dorna chegando a Ons. Facer esas adaptacións vélicas debera de estar prohibido, o mesmo que se a unha igrexa románica se lle reforma a fachada cun arco conopial.”

Dende logo pareceume un pouco estraña, pero teño que confesar que non coñezo o mundo da vela de Dorna como para facer unha recensión ao respecto, por iso deixo aquí a túa suxestión por se alguén, con máis coñecemento ca min, faina.

NOTA: Chamoume a atención que o anterior número de Onstopus, que non o consideraba relevante, tivera varias suxestións con referencia ás noticias inseridas.



Con respecto ao nº 51 sobre o patio exterior do Centro de Visitantes de Ons

Escribe un lector: “ Ola Tino, segúin con atención o tema do Museo de Ons en todos os Onstopus. Fai uns anos que o visitei e coido que estaba bastante ben, aínda que descoñecía moitos dos argumentos que expoñías. O estado da dorna que había exposta, era sanguento, e a deixaron ir. Tamén estou de acordo co tema do carro de bois que había en Canexol e que podería estar no Museo, igual que a dorna, pero podreceu alí.

Hai uns días mirei en Facebook unha historia da salga nas illas do Parque e chamoume a atención unha foto de Sálvora e que nesa illa si conserven perfectamente unha dorna e un carro. Supoño que o seu estado é bo porque están a cuberto, por iso a túa idea de ampliación, tal como a expós, paréceme perfecta. Douche o meu apoio a esa reivindicación”.

Grazas polo teu apoio. O do carro coido que vai ser imposible, aínda que penso que queda outro tamén en Canexol. O da ampliación sería unha boa idea para elementos voluminosos. A ver que fan.

En relación ao nº 51 sobre a Bandeira Azul para Area dos Cans.

Di un lector: “O tema das bandeiras azuis non é algo que me interese, aínda que, si debido a ese galardón as praias están máis limpas e seguras, pois ben vido sexa.

O motivo vai polo tema dos socorristas para as praias de Bueu. Polo que teño entendido, aínda que sodes a única asociación cultural que loita pola illa de Ons, polo feito de ter a vosa dirección postal en O Grove e non en Bueu, o concello non conta con vós para as axudas económicas a asociacións (que por certo levan un retraso de 2 anos, así funciona o concello), sen embargo para contratar socorristas para as praias de bandeira azul, acoden a unha empresa Murciana.

Para vós nin un euro e loitades por unha illa do seu municipio. Así está a política”.

Grazas pola túa suxestión, pero prefiro non opinar. A nosa alegría é o recoñecemento dos veciños e o de centos de persoas que valoran o noso traballo a prol da cultura da Illa de Ons e que este sexa desinteresado e totalmente gratuito.



Ruta Arqueolóxica

Veñen de saír as subvencións do Parque para as áreas de influencia, penso que é un bo intre para volver a solicitar unha para o arranxo dos paneis informativos sobre a Ruta Arqueolóxica que no seu día fixera o edil Adrián Ferrer.

Sería conveniente que se repararan os que están en mal estado, que se puxeran ao día o do Castro dos Mouros e a Salga Romana e que un deles, o da salga, se puxera no seu lugar.

Non estaría de máis ampliálo cun referente aos piornos da casa reitoral-escola de Canexol.



Camiño de rodeiras ata o Campamento da Xunta

Chegoume unha queixa dos veciños da zona de Canexol-Pereiró debido a que o camiño, despois de abril para soterrar o cable eléctrico, quedou sen pisar ben o firme e agora, co paso continuo de vehículos, teñen que pechar as ventás e non poñer a secar a roupa polo polvo que levanta.

Que pena que non se aproveitaran esas obras para facer ben as cousas e rematar as rodeiras.



Pepe de Miro e Isa

Pepe de Miro e a súa muller Isa, son os que colleron a testemuña de Cesáreo e Vitoria e viven na Illa todo o ano.

Como no inverno non hai barco de pasaxe que lles traía provisións, teñen que ir almacenando durante o verán para, xunto a algún peixe que pode coller, ter que comer; dende logo non pasan carencia ningunha.

Nas **fotos**, os galiñeiro cheo de galos e a matanza cando xa teñen un tamaño interesante.



Fotos:

.Allos silvestres (Allium sphaerocephalon) plantados na súa horta.

-Pequena parcela, imprescindible para ter verduras todo o ano.


-Pepe de Miro, informando ao Presidente da Xunta e á Conselleira de Medio Ambiente, sobre as problemáticas da Illa.



Foto A: Barco fondeado fronte á Illa de Ons. O pasado xoves 7, sobre as 13 h. o helicóptero Pesca 1 achegouse ao barco e estivo sobre el un bo anaco de tempo, chegando, nun momento dado, a baixar unha padiola ou unha persoa, pola distancia non se apreciaba. Non sabemos se houbo algún contratempo ou se se trataba dalgún simulacro.

Foto B: Sempre dixeron que en Ons botaban en falta un salón de peiteado e un caixeiro. Aquí vemos un traballador dun dos restaurantes aunienses facendo de perruqueiro. Jajjj

Zona de Melide



Durante este pasado inverno continuou a corta masiva de eucalipto na zona de Melide. O que fora o lugar de acampada de miles de mozos nudistas e que marcou unha época Camawaiana en Ons, agora sofre o corta das súas árbores sen que ninguén explique o por que non se repoboa a medida que se corta.




Na zona norte de Melide, que sufriu a primeira corta hai máis de 10 anos, o toxo fixo alí o seu niño, converténdose nun espazo de alto nivel de perigo en caso de incendio.

Dende o mesmo ano que comezaron as cortas, pedimos a súa repoboación con árbores autóctonas ou outras que os técnicos consideren convenientes, pero nada se fixo.

Cal será o motivo deste deixamento e que non dean unha explicación á falla de reforestación?



O cartel que anuncia sobre o control da flora invasora e que fala de recuperación de hábitats, sufriu tamén un serio deterioro, quizais cabreado porque non se fan ben as cousas. Os fondos europeos deberían servir para controlar a flora, pero nos dous aspectos: de corta e repoboación, para que os paxaros, morcegos, insectos,.... teñan esa vexetación, non invasora, que necesitan.



En anteriores Onstopus, falei da fonte de Melide no cantil, que fora amañada polo Servizo de M. Ambiente para que os campistas tiveran auga para cubrir as súas necesidades.

Pedía que prepararan o camiño para poder chegar a ela, e os visitantes tiveran un lugar para poder beber se queren pasar alí o día de praia.

Parques non está polo labor, pero si amañaron o antigo pozo, agora cuberto pola maleza, co que poderían poñer unha pequena fonte para dar un servizo necesario.





A Asociación Cultural “Pineiróns” celebrou o xantar de confraternidade na Illa de Ons. Foi un acto sinxelo ao que acudiron algúns dos asociados, quedando á espera do **25 Aniversario** que terá lugar o ano que vén 2023.

Arquipélago de Ons

PARQUE NACIONAL
ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

TODOS OS DÍAS:

Rutas guiadas
Actividades familiares
'Adiviña, adiviñanza, o que as ondas arrastran'

LUNS

Charla divulgativa:
'Curiosidades das plantas de Ons'

30 min aprox.



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

TODAS AS ACTIVIDADES ESTÁN CONDICIONADAS POLA DISPOÑIBILIDADE DE PERSOAL E A METEOROLOXÍA. PARA MÁIS INFORMACIÓN E PARA ANOTARSE ÁS ACTIVIDADES, ACHÉGUESE AO PUNTO DE INFORMACIÓN




FEDER - FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
(Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional)



Xacobeo 21-22



XUNTA
DE GALICIA



ACTIVIDADES DO CENTRO DE VISITANTES

O Centro de Visitantes de Ons, neste mes de xullo aberto só de tarde, ofrece unha serie de actividades diarias para veciños e forasteiros que estes días calorosos visitan Ons. Tamén se ofrecen Rutas Guiadas, moi ilustrativas, pola Illa tanto de mañá como de tarde.

Seguimos pensando que debería ter unha maior programación coa proxección de vídeos, películas, documentais,..., sobre os aspectos socio-histórico-etnográfico-naturais de Ons en particular e das demais Illas do Parque en xeral, no interior do salón de usos múltiples e, de ver que a afluencia é alta, mirar de dar utilidade aos espazos exteriores.

Moi importante un Centro de Visitantes Activo que dea alternativas aos visitantes e, sobre todo, información para un mellor aproveitamento da estancia nun Parque Nacional.



CURIOSIDADES

Varu Camawei pasoume estas fotos dun curioso merlo que se deixa ver pola zona de Curro e que, dáse a casualidade, que ten unha mestura da súa típica cor negra coa branca.
Cousas do cambio climático, din algúns.



OCUPACIÓN DE MESAS. Cartel informativo

Xa informaba noutros Onstopus sobre este irregular uso das mesas que puxeron na baixada á praia de Area dos Cans. Nelas os bañistas deixan as neveiras e bolsas da comida e ata manteis ocupando, a modo de reserva, as mesas mentres pasan horas na praia. A esta actuación pouco responsable e que inutiliza esas mesas durante horas, habería que buscarlle unha solución, como mínimo, que non custa tanto, poñer un cartel informativo prohibindo esta inadecuada actuación.



VARANDA NO PEIRAO DE ONS

Este mes de xullo todos os que veñen á Illa están un pouco máis seguros no seu desprazamento polo peirao, a Autoridade Portuaria, puxo unha varanda no lado por onde deberían circular as persoas tanto ao saír como regresar ao barco e así evitar que, nun descoido, alguén poida caer sobre as rochas ou ao mar.
Parabéns.



COMPOSTEIRO EN ONS

En varias ocasións tocamos o tema da falla, polo menos, dun contedor de lixo e que a propia Consellería de M. Ambiente non anime aos veciños a reciclar poñendo por barrios contedores para levalo a cabo. Pero algún veciño, adiantouse a este mal facer institucional e solicitou un composteiro para a súa vivenda e aquí o vemos en pleno funcionamento. A ver que resultados obtén con fin de que, para o ano, o soliciten máis aunienses.

DOGA nº 122. Martes 28 de xuño de 2022 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

ORDE do 10 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas competitiva, das axudas na área Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT821A).



INVESTIGANDO

Membros do voluntariado WWF. Traballo de interacción de actividades humanas coas zonas de alimentación de aves mariñas na Illa de Ons.

SUBVENCIONS PARA VECIÑOS DE ONS

Sigo sen entender cal é o problema para solicitar as subvencións de Parques. Aquí temos un exemplo dunha magnífica restauración da fachada dunha casa en Canexol, que podería entrar nesas subvencións. Por que non se solicitan? O concello de Bueu, non pode axudar a solicitalas?

